

PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP de Olveira

Rev. 10/09/2021

Rev. 21/09/2021

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO.....	3
3. ACTUACIÓ NS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	5
3.1. O ENSINO NON PRESENCIAL.....	5
3.1.1. Profesorado.....	5
3.1.2. Alumnado.....	5
3.1.3. Familias.....	6
3.1.4. Identificación das dificultades de conexión.....	6
3.1.5. Avaliación.....	6
3.1.6. Medidas durante a suspensión da actividade lectiva.....	6
3.1.7. Horario espello para 3º, 4º, 5º e 6º de EP en caso de confinamento.....	7
4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	8
5. SEGUIMIENTO E REVISIÓN.....	8

1. INTRODUCCIÓN

O plan de continxencia do CEIP de Oliveira ten como finalidade establecer as bases para a actividade académica telemática no caso de que se teña que suspender a actividade lectiva presencial como consecuencia da aparición dun abrocho.

Tamén establecerá as pautas para retomar a actividade lectiva presencial logo de normalizarse a situación xerada polo abrocho.

En calquera caso actuarase segundo o recollido en:

- Protocolo de adaptación al contexto de la Covid-19 en los centros de enseñanza no universitaria de Galicia para el curso 2021-2022 - versión 06/07/21
- Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.
- Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro de facer a autoavaliación clínica da covid que se integra no plan de actuación como anexo I. No caso de supostos sospeitoso, debe comunicarse ao centro e seguir os pasos que se detallan no plan de adaptación a situación COVID 19 no curso 2021-22 do centro.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase ao espazo de illamento. Procedese como está establecido no plan de adaptación: tanto a persoa que o acompañe como o afectado, colocan a máscara e permanecen na sala con ventás e portas abertas. De ser un alumno contactaremos coa familia para que veñan ao centro, o máis rápido que podan, tomando as medidas preventivas establecidas neste protocolo. A familia debe poñerse, de inmediato, en contacto co seu pediatra e tome a decisión convinte; en caso de non haber cita debe acudir ao PAC.
3. A continuación hai que chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (recollido no plan de actuación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS, e seguiranse as súas instrucións.
4. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
5. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

6. No suposto de aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus no centro tanto sexa alumnado, profesorado ou persoal do CEIP de Olveira, o coordinador do equipo COVID-19, **a petición da autoridade sanitaria**, incluírá na aplicación informática “EduCovid” a información prevista do eventual afectado/a, os que teñan a consideración de contactos estreitos. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Os considerados contactos estreitos dun caso de COVID-19 deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade (punto 11 do Plan de adaptación).
7. A familia dun neno ou nena, que teña sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria
8. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho
9. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
 - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
 - Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou de ser o caso da totalidade do centro educativo.
 - A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e tamén todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Neste apartado vamos a recoller as actuacións que nos marca o plan de continxencia e as actuacións que vamos a levar a cabo no noso centro.

3.1. O ENSINO NON PRESENCIAL

Dado a situación que nos podemos atopar, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, alumnado e familias) mentres esteamos no colexio para que despois sexa unha continuidade do traballo a facer. Tomaremos as seguintes medidas:

3.1.1. Profesorado

- En previsión de que podamos chegar a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen se temos que estar confinados.
- O profesorado que non teña formación para traballar na aula virtual deberá realizar os cursos ofertados polo CAFI.
- O profesorado creará cursos para a súa titoría ou especialidade na categoría correspondente a principios de setembro e procederá a matricular ao alumnado nos cursos do nivel. A través dos medios establecidos enviarase as familias o nome de usuario e contrasinal do seu fillo/a.
- No protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 determínase que a aula virtual empregárase en 3º, 4º, 5º e 6º de EP de xeito preferente e en 1º e 2º a criterio do titor ou mestre especialista. Somos conscientes, neste caso, da implicación que deben ter as familias e por iso nas reunións de principio de curso se lles dará unhas orientacións xerais sobre o seu funcionamento, indicaráselle no lugar da páxina web onde hai vídeos explicativos e/ou manuais sobre o seu funcionamento e resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo por vía telefónica e/ou videoconferencia. Este tipo de axuda e extensible a todas as familias e o levarían a cabo os titores/as de nivel.
- En EI e 1º e 2º de EP empregárase o servidor web de recursos ubicado en <https://www.ceipdeolveira.org/actividades>, mantido polo profesorado que imparte neses niveis e con acceso ao alumnado e ás familias.
- Durante o mes de setembro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado co manexo das aulas virtuais e do servidor de recursos. Para iso, e tal como se establece no protocolo de actuación, empregárase a aula de informática con aforo para 15 persoas tomando as medidas de prevención e hixiene establecidas en dito protocolo para as aulas.

3.1.2. Alumnado

- O alumnado de EI e de 1º e 2º de EP descargará as actividades e recursos do servidor web e enviaraas ao profesorado a través de correo electrónico ou outro medio consensuado entre profesorado e familias.
- O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP traballará coa aula virtual do centro no caso dun posible confinamento parcial ou total.
- Durante o mes de setembro se lles asignara o usuario e contrasinal e familiarízase co manexo da mesma en aspectos como: acceso á plataforma, ver as súas materias, visualizar o traballo, significado de cada un dos materiais colgados, como se referencia unha tarefa, como sabe que está corríxida, mensaxes,....

3.1.3. Familias

As familias proporcionaránelles recursos para colaborar nesta situación:

- Recomendacións para o manexo das ferramentas telemáticas.
- Vídeos e/ou manuais colgadas en cursos da Aula virtual na categoría Formación.
- Resolución de dúbidas vía telefónica, axenda, e/ou videoconferencia.
- Reunións iniciais de nivel presenciais ou telemáticas para clarear aspectos pedagóxicos e do plan de adaptación á situación de pandemia.

3.1.4. Identificación das dificultades de conexión

A dirección do centro trasladará aos titores/as unha folla de rexistro para cotexar que ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento.

Unha vez obtidos eses datos procederase á distribución dos equipos portátiles do equipamento do proxecto "Educa en Dixital" segundo se establece no citado proxecto.

3.1.5. Avaliación

A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados ademais dos resultados nos instrumentos de avaliación segundo o que o profesorado de nivel/área/materia indique nas correspondentes programacións didácticas.

3.1.6. Medidas durante a suspensión da actividade lectiva

Ante unha situación de suspensión temporal e/o definitiva das clases presenciais, a coordinación entre o profesorado é fundamental e seguiremos a facer a que levamos facendo dende o principio de curso, o que permitirá:

- Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
- Seguir planificando actividades de investigación e traballo por proxectos.
- O Departamento de orientación xunto co titor/a determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar, sendo os que van a supervisar e corrixir as tarefas.
- O profesorado especialista asignado ás aulas encargárase de levar un control do alumnado que entra na aula virtual e poñerse en contacto coas familias e prestar o asesoramento necesario.
- O titor xunto co departamento de orientación deseñará unhas estratexias para traballar o aspecto emocional mentres teñan que seguir a ensinanza telemática.
- Seguir a traballar en coordinación por nivel para planificación axustada de tarefas e tempo.
- Reunións semanais para planificar tarefas e valoración das propostas para introducir as modificacións necesarias
- Distribución do traballo entre todos/as para que non vaia todo ao titor/a.

3.1.7. Horario espello para 3º, 4º, 5º e 6º de EP en caso de confinamento

En 3º, 4º, 5º e 6º de EP manterase o horario de cada nivel segundo o aprobado na PXA para o presente curso pero reducindo a actividade no entorno virtual ao 60% con respecto á presencial. Así quedarán sesións telemáticas de obrigado seguimento de 30 minutos con tempo suficiente entre elas para realizar as actividades propostas e establecer as conexións necesarias por parte do alumnado e do profesorado.

3º EP		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:15	10:45	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
11:15	11:45	L. CASTELÁ	INGLÉS	L. CASTELÁ	L. GALEGA	INGLÉS
12:15	12:40	INGLÉS	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	C. NATURAIS	RELIXIÓN/VALORES
13:15	13:45	E. FÍSICA	C. SOCIAIS	PLÁSTICA	E. FÍSICA	L. GALEGA
14:00	14:30	C. NATURAIS	L. GALEGA	MÚSICA	C. SOCIAIS	C. SOCIAIS

4º EP		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:15	10:45	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
11:15	11:45	E. FÍSICA	L. CASTELÁ	INGLÉS	L. CASTELÁ	L. GALEGA
12:15	12:40	C. SOCIAIS	PLÁSTICA	C. NATURAIS	E. FÍSICA	MÚSICA
13:15	13:45	RELIXIÓN/ VALORES	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. CASTELÁ
14:00	14:30	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. GALEGA	C. SOCIAIS	C. NATURAIS

5º EP		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:15	10:45	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	L. GALEGA
11:15	11:45	L. GALEGA	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. GALEGA
12:15	12:40	MATEMÁTICAS	E. FÍSICA	MÚSICA	MATEMÁTICAS	INGLÉS
13:15	13:45	INGLÉS	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	C. NATURAIS	MATEMÁTICAS
14:00	14:30	RELIXIÓN/VALORES	C. SOCIAIS	C. NATURAIS	L. GALEGA	E. FÍSICA

6º EP		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:15	10:45	L. GALEGA	L. GALEGA	L. GALEGA	INGLÉS	L. GALEGA
11:15	11:45	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN/VALORES	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
12:15	12:40	PLÁSTICA	C. SOCIAIS	MATEMÁTICAS	MÚSICA	L. CASTELÁ
13:15	13:45	L. CASTELÁ	INGLÉS	L. CASTELÁ	C. SOCIAIS	C. NATURAIS
14:00	14:30	E. FÍSICA	C. NATURAIS	C. SOCIAIS	E. FÍSICA	INGLÉS

Os titores/as poderán agrupar as sesións das áreas que imparten dentro do horario do que dispoñen sempre e cando respecten o dos especialistas.

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Dado que a reincorporación do alumnado á actividade lectiva presencial logo dun peche como consecuencia de infección por coronavirus pode non ser simultánea para todo o alumnado, aplicaranse as directrices para a posta en marcha do ensino mixto recollidas no Plan de adaptación á situación de pandemia e nas programacións didácticas de cada área e nivel, facilitando a atención tanto do alumnado que permanece no seu domicilio como do que se reincorporou ao centro.

5. SEGUIMIENTO E REVISIÓN

Este Plan de continxencia estará sometido a un constante seguimento para ver se cada apartado se adapta ás circunstancias de cada momento, á cambiante normativa da administración educativa e, de ser necesario, reconducir ás actuacións propostas.

En Ribeira, a 21 de setembro de 2021

O DIRECTOR